| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Psicoloxía: Psicoloxía social** | | | | |
| Materia | Psicoloxía: Psicoloxía social | | | |
| Código | O05G220V01303 | | | |
| Titulación | Grao en Traballo Social | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | de Jesús Rodríguez, María Elena | | | |
| Profesorado | de Jesús Rodríguez, María Elena | | | |
| Correo-e | elenadejesus@uvigo.es | | | |
| Web | http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php | | | |
| Descrición xeral | A Psicoloxía Social forma parte do plan formativo da titulación de Traballo Social como unha materia de carácter fundamental ou básica de cara á comprensión do comportamento humán social e á intervención no mesmo.<br>Dita asignatura ofrece contribucións relevantes a nivel teórico, metodolóxico e práctico para o curriculum formativo en Traballo Social, na medida en que trata temas que teñen que ver cos procesos psicosociais básicos que subxacen ao comportamento social (percepción de persoas e coñecemento social, relacións sociais, comunicación, comportamento prosocial e agresivo, etc.), as actitudes e os grupos.<br>Deste xeito adecúase ao perfil da titulación e aporta coñecementos útiles para os e as futuras profesionais do Traballo Social, na medida en que teñen que estar capacitadas para realizar intervencións en contextos sociais e institucionais (nos que viven individuos, grupos, familias, organizacións e comunidades); participar na formulación e avaliación de políticas, servicios e iniciativas sociais; contribuir á cidadanía activa mediante o empoderamento e a garantía dos dereitos humáns e sociais, e traballar na prevención dos problemas sociais. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| B1 | Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias |
| B2 | Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais |
| B3 | Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias |
| B5 | Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización |
| B6 | Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social |
| C1 | Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención |
| C2 | Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz |

| | |
|---|---|
| C5 | Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención |
| C7 | Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes) |
| C8 | Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment) |
| C9 | Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos |
| C11 | Utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa de conflitos |
| C20 | Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes |
| D1 | Capacidade de análise e síntese |
| D2 | Capacidade de organización e planificación |
| D3 | Capacidade reflexiva |
| D4 | Comunicación oral e escrita nas linguas nativas |
| D6 | Coñecemento da cultura propia da comunidade |
| D7 | Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías |
| D8 | Capacidade de xestión da información |
| D9 | Resolución de problemas |
| D10 | Toma de decisións |
| D11 | Traballo en e con equipos diversos |
| D12 | Traballo en equipo de carácter interdisciplinar |
| D14 | Habilidades nas relacións interpersoais |
| D15 | Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade |
| D16 | Razoamento crítico |
| D17 | Compromiso ético |
| D18 | Aprendizaxe autónoma |
| D19 | Adaptación a novas situacións |
| D20 | Creatividade |
| D22 | Iniciativa e espírito emprendedor |
| D24 | Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc. |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| Que o estudantado sexa capaz de coñecer e aplicar coñecementos sobre procesos psicosociais básicos que capaciten para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz | A1<br>A2<br>A3<br>A4 | B1<br>B3<br>B5<br>B6 | C1<br>C2<br>C9 | D2<br>D3<br>D4<br>D6<br>D8<br>D9<br>D10<br>D11<br>D12<br>D14<br>D16<br>D17<br>D18<br>D19<br>D20<br>D22<br>D24 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ser competentes na análise e cambio de actitudes co fin de poder interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida | A2<br>A3<br>A4 | B1<br>B2<br>B3<br>B6 | C5<br>C8<br>C9 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D6<br>D7<br>D9<br>D11<br>D14<br>D15<br>D16<br>D18<br>D19<br>D20<br>D24 |
| Ser capaces de promover o crecemento, desenvolvemento, así como a autosuficiencia das persoas e resolución de conflictos interpersoais aproveitando os coñecementos sobre dinámica de grupos, influencia social e actitudes. | A2<br>A3<br>A4 | B1<br>B2<br>B3<br>B5<br>B6 | C2<br>C8<br>C9<br>C11 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D6<br>D9<br>D14<br>D15<br>D17<br>D19<br>D20<br>D22<br>D24 |
| Que o alumnado sexa capaz de saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver, apoiandose na súa formación sobre grupos, actitudes e influencia social | A2<br>A4 | B1<br>B2<br>B3<br>B6 | C1<br>C2<br>C5<br>C7<br>C8<br>C20 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D6<br>D8<br>D9<br>D10<br>D11<br>D14<br>D16<br>D17<br>D19<br>D20<br>D22 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| I. Introdución | Psicoloxía Social e Traballo Social. O enfoque psicosocial como ponte entre o enfoque psicolóxico e o sociolóxico. |
| II. Procesos psicosociais básicos | A socialización e o aprendizaxe social. O coñecemento social das persoas: percepción social, cognición social e procesos de atribución. A comunicación: comunicación verbal e non verbal. Niveis de comunicación. |
| III. Relacións interpersoais (I) | Relacións interpersoais e procesos de atracción: afiliación, atracción interpersonal. Comportamento altruista |
| IV. Relacións interpersoais (II) | Relacións interpersoais e procesos de rechazo: estereotipos, prexuizos e discriminación. A agresión. |
| V. Actitudes e influencia social | Actitudes: estructura, formación, medición.Cambio de actitudes. Procesos de influencia social: maioritaria e minoritaria. |
| VI. Grupos | Introdución á psicoloxía social dos grupos (estrutura e dinámica), ás relacións entre grupos e ao comportamiento colectivo. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 1 | 3 |
| Lección maxistral | 20 | 40 | 60 |
| Traballo tutelado | 6 | 24 | 30 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2 | 20 | 22 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 15 | 20 | 35 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Toma inicial de contacto co alumnado a efectos de:<br>- Detección de coñecementos previos, expectativas en relación á materia, intereses e motivacións do alumnado.<br>- Presentación da materia (obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación) e aclaración de posibles dúbidas ao respecto.<br>- Pautas para a realización de traballos tutelados. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesorado dos contidos básicos da materia. |
| Traballo tutelado | Traballos ou actividades grupais e/ou individuais que fai o alumnado de maneira autónoma dentro e fora da aula, tras a conseguinte planificación co profesorado e baixo a súa supervisión.<br>Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | Exposición dos contidos do temario, atención ás dúbidas, suxerencias... do alumnado e guía do proceso formativo. |
| Traballo tutelado | Pautas, orientacións e guía do proceso formativo. Atención ás dúbidas, suxerencias... do alumnado. |
| Actividades introdutorias | Presentación do temario. Avaliación inicial da asignatura. Atención ás dúbidas, suxerencias... do alumnado. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Atención ás dúbidas do alumnado, orientación e guía do proceso formativo. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Elaboración, preferentemente grupal, de traballos tutelados pola profesora relacionados cos contidos da materia.<br><br>Os traballos serán avaliados ata un máximo de 4 puntos, tanto se o alumnado é asistencial como se é non presencial, sendo preciso acadar como mínimo 2 puntos para superar este apartado da materia. | 40 | A1<br>A2<br>A3<br>A4 | B1<br>B2<br>B3<br>B5<br>B6 | C1<br>C2<br>C5<br>C7<br>C8<br>C9<br>C11<br>C20 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D6<br>D7<br>D8<br>D9<br>D10<br>D11<br>D12<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D18<br>D19<br>D20<br>D22<br>D24 |
| Exame de preguntas obxectivas | Realización dun examen tipo test e/ou preguntas de resposta curta sobre os contidos do temario. As preguntas deixadas en branco non se terán en conta na cualificación.<br><br>Puntuación máxima: ata 4 puntos da nota final. É preciso obter como mínimo 2 puntos para superar este apartado. | 40 | A1<br>A3 | B6 | | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D6<br>D7<br>D8<br>D9<br>D18<br>D20<br>D22<br>D24 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Avaliación do grao de asimilación dos contidos do temario mediante a realización de exerciciios prácticos.<br><br>Tanto para o alumnado de modalidade asistencial como para o da non asistencial os exercicios realizados na aula ou de xeito autónomo durante o curso serán avaliados ata un máximo de 2 puntos, sendo preciso para superar este apartado un mínimo de 1 punto. | 20 | A1 B1 C8<br>A2 B2<br>A3<br>A4 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D6<br>D7<br>D8<br>D9<br>D10<br>D11<br>D12<br>D15<br>D16<br>D17<br>D18<br>D20<br>D24 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

**REQUISITO PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS DE AVALIACIÓN:**

O alumnado deberá ***entregar ou subir a Moovi a súa ficha, debidamente cumprimentada e cunha fotografía tipo carnet, nun prazo máximo de 3 semanas desde o inicio do curso*** académico, facendo constar expresamente a modalidade elixida (asistencial ou non asistencial) a través dun correo electrónico dirixido á profesora.

Isto implica que, sexa unha ou outra a modalidade elixida, ***o alumnado deberá contactar necesariamente coa profesora a principios de curso (3 primeiras semanas) para comunicarlle a súa elección e poder ser convintemente avaliado***.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

Aplicaranse dous sistemas de avaliación tomando como criterio diferencial a asistencia ou non ás clases de grupo grande e mediano, dado que a planificación deste proceso de ensino-aprendizaxe esixe a presenza do alumnado, sobre todo naquelas relacionadas coa adquisición de competencias procedementais e actitudinais, o que implica facer un seguimento das asistencias mediante controles. ***Quen sen notificalo teña una asistencia por debaixo do 80%, o que equivale a 3 faltas en grupo grande e 3 en grupo mediano, será considerado a tódolos efectos como non asistencial, salvo causa debidamente xustificada*** (enfermidade ou pasamento dun familiar achegado, realización doutros exames...).

* **Modalidade avaliación continua:** A nota final virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos apartados especificados no cadro superior, sendo preciso ter superados cada un deles ailladamente.

* **Avaliación global (proba única)**: A avaliación e a superación da materia virá determinada polo exame final e pola realización do traballo e dos exercicios titorizadas pola profesora -polo menos 4 titorías para superar este apartado-. A nota final virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos apartados, sendo preciso superar cada un deles ailladamente para poder facer a media.

**SEGUNDA OPORTUNIDADE:**

***As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.***

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

A data oficial dos exames pode consultarse na web da Facultade: http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php.

## Bibliografía. Fontes de información

**Bibliografía Básica**

Baron, R.A. e Byrne, D., **Psicología Social**, 1, Pearson, 2014

Fernández, I., Cuadrado, M.I., **Psicología Social**, 1, Sanz y Torres, 2012
Gaviria, E., Cuadrado, I. e López, M. (Coord.), **Introducción a la Psicología Social**, 1, Sanz y Torres, 2009
Hogg, M. eVaughan, G., **Psicología Social**, 5, Panamericana, 2010
Morales, J.F. e Olza (Coords.), **Psicología Social y Trabajo Social**, 1, McGraw-Hill, 1999
Sabucedo; J.M., Morales, J.F., **Psicología Social**, 1, Panamericana, 2015

**Bibliografía Complementaria**

Alvaro,J.L.; Garrido Luque, A., **Psicología Social**, 1, McGraw-Hill, 2003
Blanco, A.e Rodríguez Marín, J., **Intervención Psicosocial**, 1, Pearson, 2007
Cuadrado, I., Gaviria, E., López, M., **Cuaderno de prácticas de Ps. Social**, 1, Sanz y Torres, 2007
Diego Vallejo,, R., Chico, M., **Prácticas de Psicología Social**, 1, Pirámide, 2006
Espelt, E.,Javaloy, F. y Rodríguez, A., **Comportamiento colectivo y movimientos sociales**, 1, Pearson, 2013
Fernández Sedano, I., **Cuaderno de prácticas de Ps. Social Comunitaria**, 1, Sanz y Torres, 2008
Franzoi, S., **Psicología Social**, 1, McGraw-Hill, 2007
Hernández, B. , e Valera, S., **Psicología Social Aplicada e Intervención Psicosocial**, 1, Resma, 2001
Hernández, B. , Valera, S., e Suárez, **Contextos y procesos en la intervención psicosocial**, 1, Resma, 2003
López Cabanas, M., e, Chacón, F., **Intervención Psicosocial y Servicios Sociales**, 1, Síntesis, 1997
Moral Torrazo, F., **Psicología Social de la comunicación**, 1, Aljibe, 2005
Morales, J.F. e Huici, C., **Psicología Social**, 1, McGraw-Hill, 2003
Morales, J.F., Moya, M., Gaviria, E., Cuadrado, I., **Psicología Social.**, 1, McGraw-Hill, 2007
Moya, M. y Rodríguez, R., **Fundamentos de Psicología Social**, 1, Pirámide, 2011
Palací, F.J., **Psicología de la Organización**, 1, Pirámide, 2005
Paterna, C., Martínez, M.C., Vera, J.J., **Psicología Social: de la terоría a la práctica cotidiana**, 1, Pirámide, 2003
Rodrigues, A., **Psicolgoía Social para principiantes: estudio de la interacción humana**, 1, Trillas, 2006
Rodríguez, A., Morales, J.F., Delgado, N. y Betancor, V., **50 Experimentos Imprescindibles Para Entender La Psicología Social**, 1, Alianza, 2016
Sánchez, A., **Psicología Social Aplicada**, 1, Prentice-Hall, 2002
Worchel, S., Cooper, J., Goethals, G. e Olson, J., **Psicología Social**, 1, Thompson, 2003

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Habilidades sociais e de comunicación do traballo social/O05G220V01402

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Desenvolvemento humano no ciclo vital/O05G220V01301
Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social/O05G220V01403

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural/O05G220V01101
Psicoloxía: Psicoloxía básica/O05G220V01103
Socioloxía: Socioloxía xeral/O05G220V01203

### Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).